



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 157

VII lexislatura

9 de xuño de 2006

Fascículo 4

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas formuladas ao Proxecto de lei de modificación da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia

- Do G:P: Popular de Galicia (docs. núms. 9081 e 9087) 14529

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

3.6.2.3. Proposicións aprobadas

- 07/PNC-0143 (8370)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Castro García, Roberto, e tres deputados máis

Sobre o establecemento dun convenio de colaboración co Concello da Pobra de Trives (Ourense) para facilitarlle a este a substitución do camión queimado nun lume forestal no ano 2005 14527

3.6.2.4. Proposicións rexeitadas

- 07/PNC-0140 (8202)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castro García, Roberto, e cinco deputados máis

Sobre a introdución dos contidos referentes ao monte veciñal en man común como unha propiedade singular propia de Galicia no currículo escolar tanto de educación primaria como de secundaria obrigatoria 14527

4. Procedementos de información

4.3. Preguntas

4.3.1. Preguntas orais en Pleno

Preguntas orais en Pleno retiradas

- 07/POP-0201 (7656)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Parga, Carlos Fernando

Sobre a actuación levada a cabo pola Xunta de Galicia dentro do seu marco competencial para amparar a clientela das sociedades Fórum Filatélico e Afinsa, intervidas por orde xudicial 14528

4.4. Respostas a preguntas

–Corrección na Resposta remitida pola Xunta de Galicia (doc. núm. 8313) ás preguntas para resposta por escrito núms. 6188, 6201, 6214, 6226, 6238, 6249, 6262, 6274, 6285 e 6297 (doc. núm. 9052).

14531

1. Procedementos de natureza normativa

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas formuladas ao proxecto de lei de modificación da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia

A Mesa da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na reunión do 8 de xuño de 2006, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación de emendas ao articulado presentadas ao proxecto de lei de modificación da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia

- 07/PL-0006(8616)

BOPG núm. 133, do 05.05.2006

Proxecto de lei de modificación da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia

Examinados os dous escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado (un total de dúas)

- Do G:P: Popular de Galicia (docs. núms. 9081 e 9087)

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2006

Dolores Villarino Santiago
Presidenta

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

3.6.2.3. Proposicións aprobadas

A Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na reunión do 8 de xuño de 2006, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións:

- 07/PNC-0143 (8370)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castro García, Roberto, e tres deputados máis
Sobre o establecemento dun convenio de colaboración co Concello da Pobra de Trives (Ourense) para facilitarlle a este a substitución do camión queimado nun lume forestal no ano 2005

BOPG núm. 151, do 02.06.2006

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta o Goberno de Galicia a valorar a posibilidade de asinar un convenio de colaboración co Concello da Pobra de Trives, de igual xeito e cos mesmos compromisos que se ten feito con outros concellos, co fin de contribuír ao cofinanciamento da reposición de material de prevención e defensa contra incendios forestais.»

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2006

Jaime Alberto Pita Varela
Vicepresidente 2.^o

3.6.2.4. Proposicións rexeitadas

A Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na reunión do 8 de xuño de 2006, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 07/PNC-0140 (8202)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castro García, Roberto, e cinco deputados máis

Sobre a introdución dos contidos referentes ao monte veciñal en man común como unha propiedade singular propia de Galicia no currículo escolar tanto de educación primaria como de secundaria obrigatoria

BOPG núm. 151, do 02.06.2006

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2006

Jaime Alberto Pita Varela
Vicepresidente 2.^o

4. Procedementos de información

4.3. Preguntas

4.3.1. Preguntas orais en Pleno

Preguntas orais en Pleno retiradas

A Mesa do Parlamento, na reunión do 5 de xuño de 2006, adoptou os seguintes acordos:

Admisión da retirada:

- 07/POP-0201 (7656)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Parga, Carlos Fernando

Sobre a actuación levada a cabo pola Xunta de Galicia dentro do seu marco competencial para amparar a clientela das sociedades Fórum Filatélico e Afinsa, intervidas por orde xudicial BOPG núm. 143, do 20.05.2006

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2006

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta 1.^a

4.4. Respostas a preguntas

Corrección na Resposta remitida pola Xunta de Galicia (doc. núm. 8313) ás preguntas para resposta por escrito núms. 6188, 6201, 6214, 6226, 6238, 6249, 6262, 6274, 6285 e 6297 (doc. núm. 9052).

A Mesa do Parlamento de Galicia, na reunión do día 5 de xuño de 2006, por pedimento da Xunta de Galicia (doc. núm. 9052), tomou coñecemento da corrección da Resposta remitida pola Xunta de Galicia ás preguntas para resposta por escrito núms. 6188, 6201, 6214, 6226, 6238, 6249, 6262, 6274, 6285 e 6297 (doc. núm. 8213, publicado no BOPG núm. 153, do 5 de xuño de 2006 fascículo 1, páxina 13567)

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2006


Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**

Á Mesa do Parlamento



O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e ao abeiro do artigo 112 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta as seguintes emendas ao articulado ao Proxecto de Lei de Modificación da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de Caza de Galicia.

Emenda nº 1.-

Emenda de adición ao artigo segundo paragrafo 2.-

...”vías férreas, terreos cercados ou calquera”...

Emenda nº 2.-

Emenda de adición ao artigo segundo:

No apartado 3.- engadirase un novo paragrafo:

“Co obxecto de facilitar ás autoridades a súa laboura de control aos titulares dos TECOR poderán presentar ante a Consellería unha relación de viais coa súas categorías co visto e prace do Concello ou Concellos nos que estea a terreo da zona de seguridade”

Parlamento de Galicia, 2 de xuño de 2006

**Asdo.: José Manuel Barreiro Fernández
Portavoz do Grupo Popular**

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia advertiu un erro no seu escrito con núm de rexistro 9081 de data 2 de xuño de 2006 e, é polo que roga que aos efectos oportunos se proceda a súa corrección.

Emenda nº 1.-

Artigo segundo.1


Polo que se modifica o contido do artigo 8.2

Emenda nº 2.-

Artigo segundo.6

Engadiráse un novo parágrafo in fine

Parlamento de Galicia, 5 de xuño de 2006



**Asdo.: José Manuel Barreiro Fernández
Portavoz do Grupo Popular**





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi
SANTIAGO DE COMPOSTELA



Na resposta ~~conxunta~~ ás preguntas con resposta escrita números 6188, 6201, 6214, 6226, 6238, 6249, 6262, 6274, 6285 e 6297, resposta que tivo entrada nese Parlamento o 23 de maio de 2006, co número de rexistro 8313, produciuse unha omisión involuntaria que rogaríamos se subsanara.


Ao final do último parágrafo da páxina 5, logo da última liña ("...60.000 euros (1ª anualidade)"), debe insertarse o seguinte texto:

"Engadir que a Consellería de Cultura e Deporte está a estudar as necesidades plantexadas polos concellos para unha posible subvención ou investimento nos mesmos durante 2006 e existen proxectos pendentes de certificación. No exercicio das súas competencias, a Consellería de Cultura quere establecer un instrumento que, adecuándose á normativa xeral vixente, marque as pautas para unha distribución, de acordo aos criterios de publicidade, obxectividade e concorrencia, dos recursos destinados ao fomento da actividade cultural. Neste senso, este ano están pendentes de publicarse distintas ordes e axudas destinadas aos concellos de Galicia para equipamentos e mellora de infraestruturas e o fomento de campañas de promoción dos que poderían beneficiarse os concellos aos que se refire esta resposta."

O que lle comunico para o seu coñecemento e a efectos da referida subsanación.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2006

O director xeral de Relacións Parlamentarias


Manuel Guillermo Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727